

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO  
PLENO O DÍA 22 DE XUÑO DE 2007.-**

<p><u>Sres. Asistentes.</u> <u>Sr. Alcalde.</u> D. Julio Ignacio Iglesias Redondo <u>Sres. Concelleiros:</u> D<sup>a</sup> María Victoria Montenegro Paz. D. José Juan Vilasanchez Pazos D<sup>a</sup> Ana María Fernández Coira. D. Jose Salvador Ferreiro Montenegro. D. José Manuel Cendán Fernández. D. Francisco Echevarria Lage. D. María Mercedes Grande Regueiro. D. Fernando Otero Prieto. D<sup>a</sup> Josefina Martínez Martínez. D. Manuel Rodríguez Doval. D<sup>a</sup> María Belen Abeal Pérez. D. Luis Cendán Fernández. <u>Sr. Secretario:</u> D. Manuel Larrosa Rodríguez.</p>	<p>No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello de Ares, sendo as nove horas e tres minutos do día vintedous de xuño de dous mil sete, previa convocatoria e citación ó efecto, reúnese o Concello Pleno en sesión extraordinaria e primeira convocatoria, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Julio Ignacio Iglesias Redondo, con asistencia dos Sres. Concelleiros que ó marxe se relacionan, actúa como Secretario o que o é desta Corporación D. Manuel Larrosa Rodríguez.</p>
---	---

Aberta a sesión pola Presidencia, entrase no estudio e discusión dos asuntos incluídos na Orde do Día adoptándose polo Concello Pleno, os seguintes acordos:

**Punto núm. 1.- RATIFICACIÓN DESPIDO D<sup>a</sup> GENMA VIDAL ROMUALDO.-**


Visto o escrito, da Alcaldía Presidencia, de 19-06-07, do seguinte teor literal:

**"Sra. D<sup>a</sup> GENMA VIDAL ROMUALDO**

Muy Sra. Nuestra.

Desde a Alcaldía-Presidencia, lamentamos comunicarle que, debido a reestructuración de la plantilla, estimamos que es conveniente dar por terminada la relación laboral que le une con esta empresa, el día 19 de junio de 2007.

Siendo concedores de que nuestra decisión podrá ser considerada como despido improcedente, reconocemos el mismo al amparo del artículo 56.2 del Estatuto de los Trabajadores, en el cual la citada posibilidad de reconocer la improcedencia desde la fecha del despido hasta la de la conciliación.



Contra esta decisión puede recurrir ante el Juzgado de lo Social en el plazo de 20 días hábiles contados a partir de la recepción de la presente comunicación sin perjuicio del percibo de la liquidación de 45 días por año de servicio, que por saldo y finiquito le corresponde: **1475,03 Euros** de los cuales corresponden a indemnización **404,20 Euros**, y que se encuentra en las oficina de esta empresa, para ser abonada dentro del plazo de los siguientes dos días contados a partir de la recepción de la presente.

Sin otro particular que comunicarle


Ares, 19 de junio de 2007.  
EL ALCALDE,"

Aberto o Turno de Intervencións, comeza o Sr. Luis Cendán Fernández, expoñendo que aínda que non ten relevancia pero que dado antes o facian constar, sinala que a convocatoria fai referencia o ano 2006, cando é o ano 2007. A continuación sinala que quedou unha acta sen aprobar, e que por respecto á institución ten que vir ó Pleno, o Sr. Secretario, informou que a devandita Acta, non foi reformada pola funcionaria que tiña funcións de Secretaria-Acctal., e prega que se rectifique pois se verten expresións insultantes. Se dita funcionaria se nega a rectificala e partidario de que se abra un expediente, e insiste que o que figura na Acta son insultos.

Resposta o Sr. Alcalde- que evidentemente cumpriremos a Lei, e dado que non tiña que vir a este Pleno Extraordinario, comprometése a traela ó primeiro Pleno Ordinario.

Seguidamente o Sr. Vilasanchez Pazos, en nome do PS de G-PSOE, expón que hay unha renuncia a un nomeamento que corresponde á Secretaria do Xulgado de Paz, pero que non houbo renuncia ó Contrato Laboral co Concello. En consecuencia, tería que ser ratificado o despedido polo Pleno do Concello.

A continuación interven o Sr. Rodríguez Doval, manifestando que lamentamos que esta nova Corporación consuma tempo que corresponde ós veciños en cousas, que son herencia do Partido Popular. Así está a política que no ambito laboral foi nefasta e creando unha rede paralela do Partido Popular. Chamalle a atención a modalidade do Contrato: C. Eventual da Producción ou Acumulación de Tarefas, insiste en que houbo unha política laboral persecutoria e concretamente contra a Secretaria do Xulgado, resultando duas sentencias contrarias a destitución da persoa que desempeñaba dito posto. Impusoxe a unha persoa próxima ó réxime do Partido Popular e aproveita para facilitar ó Alcalde pola rapidez neste asunto, e espera que esta política non debe quedar ahí, considera que hai un segundo punto que é que todo esto se fixo a conta de todos os veciños, carecendo de rigor, e sendo un autentico atentado á persoa.



Resposta o Sr. Luis Cendán Fernández, expoñendo que vaise abster que el era membro do equipo de Goberno do anterior Goberno e non era coñecedor do contrato que tiña esta persoa. Entereime pola publicidade do Censo Electoral as Eleccións Sindicais, e considera asimesmo que falta unha Resolución que Xustifique o Contrato, e a súa sorpresa e cando esta persoa presenta a baixa laboral, insistindo que non está de acordo con este tipo de procedementos, como o que se fixo con esta señora.

A continuación o Sr. D. Manuel Cendán Fernández, expón que o 15-06-07, a interesada presentou a súa dimisión o non imos a recordar o que pasou. Era un cargo de confianza e polo tanto non vai a dicir nada, en relación o contrato laboral era un contrato a tempo parcial de 20 horas por 6 meses, para compensarlle as labores que facia no Xulgado, e considera que non había necesidade da premura de convocar este Pleno e deixar que rematase o contrato en Agosto, con elegancia se houbera esperado ó día 8 de agosto, e sobre a baixa considera que a petición da mesma non complica a vida a ninguen. Roga que se retire o asunto da Orde do Día.

Seguidamente o Sr. Rodríguez Doval, dirixíndose ó Sr. José Manuel Cendán Fernández, di que pensei que vostede estaba de baixa laboral, e o estou a ver aquí no Pleno e solicita ó Sr. Secretario que certifique se pode estar ou non, e insiste en que falar de todo agora levaría catro mil anos, insiste en que aquí falamos dunha persoa pero non do Xulgado, e considera que este contrato non é de confianza: é para o que é.


Interven o Sr. Luis Cendán Fernández, dirixíndose ó Sr. Rodríguez Doval, que non é vostede inocente, vostede foi un dos colaboradores en todo este tinglado.

O Sr. Rodríguez Doval, matiza que o Sr. Luis Cendán Fernández, está falando en nome do seu grupo cando non é grupo e tratase dun Concelleiro non adscrito.

Resposta o Sr. Luis Cendán Fernández, que non pertence ós Concelleiros non adscritos e que polo Regulamento Orgánico pertenzo ó Grupo Mixto, e en todo caso Vostede, dirixíndose ó Sr. Rodríguez Doval, tampouco pode falar, porque pidese un mínimo de 3 membros para un grupo.

Continúa o Sr. Luis Cendán Fernández, expoñendo que o que fixen o defendo e espero que a Secretaria do Xulgado de Paz repostada saiba distinguir as súas funcións doutras actividades e que realice a súa labor con eficacia, e finalmente recorda que a Setencia do TSXG, daba opción a:

- 1.- Xustificar a idoneidade da persoa proposta.
- 2.- Repoñer á persoa cesada.



Prego que non sucesivo esta persoa repostada cumpra cos seus cometidos, e asumo a miña responsabilidade polos feitos anteriores.

Seguidamente o Sr. José Manuel Cendán Fernández, e invocando alusións, sinala que xa o Sr. Luis Cendán Fernández, matizou que había dúas opcións que permitia a Sentencia do TSXG, e como tiveron problemas de quedarme en minoría no Pleno, este asunto non foi levado a Pleno, e que en todo caso, que a nova Corporación faga o que estime convinte. Na Sentencia a Sá demostra que esta persoa estivo utilizando o cargo en beneficio do Portavoz do BNG. Recalca que cremos que a persoa que o seu despido veu a Pleno deu todas as facilidades, e ve un disparate facer isto a un mes da caducidade do Contrato. Isto é matar unha mosca a cañazos.

A continuación o Sr. Luis Cendán Fernández, quería aclarar a que Grupo Pertenezco, pois como xa expuxen teño dereito a estar no Grupo Mixto, e insiste en que a Lei pide tres membros para formar grupo, polo tanto vostede Sr. Doval, tampouco podería falar.

O Sr. Alcalde, matiza que onte acabou o prazo para constituir Grupos, e aínda non se pudo dar conta ó Pleno, estase pendente en consecuencia da Constitución dos Grupos Municipais.

Concedida a palabra ó Sr. Secretario, sinala que o abeiro do artigo 75 da Lei de Bases de Réxime Local, e do Regulamento Orgánico do Concello, os Partidos que non acaden un mínimo de 2 Concelleiros, necesarios para formar grupo e no prazo de cinco días seguintes á constitución da Corporación, que é un prazo de caducidade poden pedir a súa integración no Grupo Mixto.

Toma a palabra o Sr. Vilasánchez Pazos, expoñendo que sempre pensou que o persoal de confianza tiña que cesar co Grupo de Goberno, e de feito no seu día, o propoñía e o defendía e agradece que o Sr. D. José Manuel Cendán Fernández, que agora o recoñeza. Nos imos a ser escrupulosos con esa Política e o persoal de confianza cesará cando nos cesemos. O Sr. Vilasánchez Pazos, insiste en que é necesario matizar que estamos falando dunha persoa con relación laboral co Concello e non có Xulgado.

A continuación o Sr. Alcalde, expón que foi chamado antes da toma de posesión polo anterior Alcalde, e entre outras cousas foille notificado que esta persoa iriase, encontrándose o luns que está persoa continuaba e incluso cunha baixa laboral, e matiza en relación coa reposición da Secretaria do Xulgado, que declarado por dúas Sentencias a nulidade do acordo plenario, o acto Administrativo non existe, e en consecuencia, foi repostada inmediatamente a anterior Secretaria do Xulgado de Paz. Estima que a vontade da persoa obxecto de despido, presentando a baixa por enfermidade está clara, e a nosa vontade e cumprir as Sentencias e que se cumpra a legalidade. Sinala que intentada a



notificación á interesada a mesma negouse a recoller a devandita notificación, e houbo que acudir a enviar un Buro-Fax Xudicial. Vostede dirixíndose ó Sr. D. José Manuel Cendán Fernández, deume a súa palabra de que este asunto quedaba resolto, e recalca que soamente hai no orzamento un posto de confianza e que o cese de dito posto no require motivación. O posto de Secretaria do Xulgado de Paz non é de confianza e a súa remoción foi declarada nula por falta de motivación.

Finalmente interven o Sr. Vilasánchez Pazos, expoñendo que hai un principio moral de actuación ética e vostede dirixíndose ó Sr. José Manuel Cendán Fernández, vostede fixo funcionarios a quen vostede quixo e agora temos que seguir pagandolles.

Sometida a votación de que o asunto quede sobre a Mesa, a mesma e rexeitada por 7 votos en contra 5 PSOE e 2 BNG, 5 a favor do P.P., e unha abstención do Sr. Luis Cendán Fernández.

A continuación sometida a votación a ratificación do despido efectuado pola Alcaldía, o Concello Pleno por 7 votos a favor 5 PSOE e 2 BNG, 5 votos en contra do P.P. e unha abstención do Sr. Luis Cendán Fernández, acorda en cumprimento do artigo 21.1.h. da Lei 7/85 de 2 de abril, e 50.10 do R.D. 2568/1986, ratificar o despido de Dona Genma Vidal Romualdo.

**Punto núm. 2.- ASIGNACION PROVISIONAL CONCEPTOS RETRIBUTIVOS FUNCIONARIOS DE NOVO INGRESO E REASIGNACIÓN DE COMPLEMENTOS.-**

Vista a proposta da Alcaldía do seguinte teor literal,

**" PROPOSTA DA ALCALDIA**


Asignación provisional conceptos retributivos funcionarios de novo ingreso e reasignación de complementos.

Vista a resolución da Alcaldía de 21 de maio de 2007 pola que se asignan a funcionarios de novo ingreso os conceptos retributivos do posto de tesourería.

Visto o recurso de reposición interposto polo representante sindical de 18 de xuño de 2007 (Rexistro 19-06-07) contra dita resolución.

Visto o informe do Sr. Secretario de 21 e maio de 2007.

Atendido que no orzamento prórrogado de 2006 non figura dotadas como funcionarios ditas prazas, figurando únicamente como prazas de persoal laboral. Sendo



necesario perante a toma de posesión de ditos funcionarios e confección da nómina de xuño asignar conceptos do réxime estatutario e tendo en conta que a produtividade asignadas ás prazas non pode ter carácter fixo nin periódico, se **PROPON**, ao Pleno do Concello a adopción do seguinte acordo con carácter provisional ata a confección dos orzamentos de 2007 e redacción dunha relación de postos de traballo.


**Primeiro.** Asignar con carácter provisional ata tanto en canto se redacten os orzamentos de 2007, os conceptos retributivos que se adxuntan para os funcionarios de novo ingreso.

**Segundo.-** Reasignar os conceptos retributivos do resto do persoal nos termos propostos nas fichas que se adxuntan sen que elo supoña incremento salarial individual nin da masa salarial global."

Aberto o turno de Intervencións comeza polo PS de G- PSOE o Sr. Vilasánchez Pazos, expoñendo que non imos a entrar no debate de como entraron, nin como estan ou son estos funcionarios de novo ingreso. Ven unha reasignación de complementos, pois a proposta non se xustifica tratándose de postos diferentes: Non hai uniformidade, nos postos de traballo e ademáis se toma como referencia unha nómina ben remunerada cun informe desfavorable e reparo do Sr. Secretario: "Por lo que se repara e informa desfavorablemente la presente resolución y consiguientes nóminas". O Sr. Vilasánchez Pazos, expón que se retoma o tema e se reasigna o Complemento de Productividade de todo o mundo, incluído os restantes funcionarios, parendonos adecuado, e tendo en conta que hai un escrito do Representante Sindical recurrido a proposta efectuada pola anterior Alcaldía. Matiza que esto non prexuzga que se poda retomar o sistema retributivo no orzamento.

Seguidamente o Sr. Rodríguez Doval, quere matizar tres ou catro ideas: nos denunciámos constantemente que o grupo de goberno, facía unha política anárquica de persoal, e así consta a reclamación que fixeron ó orzamento cun informe do Sr. Secretario sinalando a necesidade de dispoñer dunha relación de postos de traballo. O Sr. Rodríguez Doval, insiste en que se trata de articular cunha RPT o funcionamento do Concello, e sinala que a ríu revoltos ganancia de Pescadores, e o método a dedo da política de persoal quixose consumir economicamente o que se había feito, metendo ou funcionarizando a súa xente, cando a maioría entrou cun proceso laboral viciado e de ante man xa se sabía quen ía a entrar. Equiparabase á xente nova con outra de maior antigüidade e que no seu día entraron cos principios de, publicidade, mérito e capacidade. O Sr. Alcalde tirou para diante cun informe desfavorable do Sr. Secretario, dandolle igual, o anterior equipo de goberno creou postos de traballo, fixos a xente da súa confianza, e ese é o grave problema que temos. Considera que o día 21 de maio o Alcalde lles adiantaba agradecendo os servizos prestados, coa campaña a favor do Partido Popular a determinado persoal do Concello, como é o caso dos Servizos Sociais, chamadas á Xente, e inclusive tamén o que se fixo despois estando en funcións. Todo isto coloca as relacións laborais do Concello nunha situación mala, dandolles retribucións a persoas que non tiñan asignadas funcións, senon que facían funcións electorais, e considera que canto antes elaborem unha Relación de






Postos de Traballo, mellor funcionará o Concello e atenderase mellor as demandas da cidadanía e considera que deben depurarse responsabilidades polo sucedido.

A continuación o Sr. Luis Cendán Fernández, en relación coa R.P.T. expón que cando el era Concelleiro de Persoal, recorda que se fixo un convenio co persoal laboral, habendose acordado, a elaboración dunha R.P.T., por parte dos Delegados Sindicais e día de hoxe aínda estamos esperando. Se había falado como modelo a R.P.T do Concello de Cariño, destacaríase dúas cuestións distintas: a primeira a reasignación do Complemento de Productividade que non pode ter carácter fixo nin periódico o cal o considera xusto e que ata no seu momento se había tratado de facelo. Houbera gustado que se levase previamente á Xunta de Portavoces. Insiste en que con relación a este aspecto esta plenamente de acordo. Respecto ó segundo aspecto sobre o que quere incidir, é que a Resolución da Alcaldía de 21 de maio de 2007 foi unha medida unilateral é ilegal adoptada polo Sr. Alcalde, e quere insistir en que el non estivo en procedementos anormais. Aquí a Lei non se cumpriu: Equiparouse a todo o mundo e preguntase porque non equiparar á xente co Secretario Xeral e non coa Tesoureira, sobre todo pola extraordinaria labor fora da xornada de traballo dalguns funcionarios que merece ser premiada.

Toma a palabra o Sr. José Manuel Cendán Fernández, expoñendo que iniciamos a funcionarización de todo o mundo, recalcando que houbo un acordo inicial cos Sindicatos e quere matizar que encontrouse cunha praza de Tesoureria aprobada pola anterior Corporación e él respetando dita praza levouna a cabo, insiste en que aquí quedan dúas persoas perxudicadas que son os Aparelladores, e considera que na mesma empresa debese de cobrar igual. A funcionarización foi para todo o mundo, inclusive o Técnico de Deportes. Lembra que cos peóns nun ano os pasamos a oficiais de primeira, insiste en que eu fixen o que tiña previsto nos orzamentos e que aparecía recollida no anteproxecto do 2007. Dí o Sr. D. Manuel Cendán Fernández, que por grupos todos os funcionarios deberían de cobrar igual, a Tesoureira recorda que se lle asignou unha retribución que el non puxo en discusión e recorda que pediron un informe ó Ministerio das Administracións Públicas sobre a vólidade do título da Tesoureira, sendo informados que debería de corresponder a Empresariais ou Económicas, insiste en que hai que uniformizar a todo o mundo, coa proposta que se trae quedaría todo igual menos os Aparelladores que saen perxudicados.

Seguidamente interven o Sr. Rodríguez Doval, manifestando expoñendo que o Portavoz do Partido Popular está indocumentado, e preguntase como vai a cobrar todo o mundo igual, e sobre todo se non hai unha R.P.T., ¿Como van a cobrar como a Tesoureira?, pois as funcións nin a responsabilidade é a mesma, eu votaría a metade da plantilla, e recorda que hai xente que entrou a dedo e nun ano faise funcionario. En relación á referencia feita ó informe do Ministerio de Administracións Públicas polo Sr. José Manuel Cendán Fernández, di que eso non é MAP, e "Pancho Villa", e dille ó Sr. Manuel Cendán Fernández, que non pida vostede á nova Corporación un orzamento que vostede non foi



capaz de facer, e en todo caso hai que ver como está realmente a situación económica do Concello.


O Sr. Rodríguez Doval, sinala que a política laboral dos goberno do P.P., foi de disfraz, e tremendamente inxusta, respondendo a necesidades do Partido Popular, e pregunta ¿E certo que ese persoal traballou para a campaña do Partido Popular? ¿Cales son as súas funcións?.

Resposta o Sr. Manuel Cendán Fernández, dirixíndose ó Sr. Rodríguez Doval, que teña respecto hacia miña persoa. Javier non entrou gobernando eu, e se lle respetou, e no caso de Marian leva no Concello 15 anos e non un ano, insiste en que nosoutros fixemos á xente que meteron vostedes, como peóns os ascendimos a oficiais de primeira, e cobra igual Antonio que Carlos, aínda que hai distintas responsabilidades. Insiste en que non pode haber diferencias e menos traballando na mesma Administración, e considera inaudito que impugne a proposta feita por el, por un Delegado Sindical, eso o di todo, prega que cando se faga acusacións, as faga con criterio pois en relación á R.P.T, non se pode dicir que non se sabe o que fai Marian, o que fai Alfonso, o que fai José Luis ou Caridad, eu teño que estar agradecido a todos e respetando a todos, e quero que se trate a todo o mundo igual, o orzamento do ano 2007, estaba listo e no seu momento deullo o portavoz do seu grupo, quedando o documento paralizado. Meteronse todas as obras con aportacións municipais, recoñecemento que ía desequilibrado, pero co ICO, podíase solucionar, o cal aínda pode subir, recalca que non puido quitar adiante os orzamentos. Di que non hipotecaba a plantilla e coa proposta que se trae a Pleno a xente vai a quedar cobrando igual excepto os Aparelladores, e pide coherencia.

Resposta o Sr. Luis Cendán Fernández, que non fixen boicot ós orzamentos. O orzamento debía presenta-lo el como responsable da area, e lle fixeron chegar un anteproxecto, feito por dous funcionarios cun desfase de trescentos e pico millóns, e cando estabamos mirando a forma de cadralo fumos destituídos. Insiste en que había que facer moito reaxuste e en relación ó presente punto, anuncio que me vou a abster, aínda que cando vexo que a equiparación se fai cunha funcionaria e non co Secretario, como debería ser pois hai persoal traballando para o Alcalde dende febreiro ata as nove da noite, facendo servizos extraordinarios que deben de ser recompensados.

Considerando a Alcaldía-Presidencia, suficientemente debadito o asunto, someteo a votación, acordando o Concello Pleno por 7 votos a favor 5 PSOE e 2 BNG e 5 en contra do P.P. e unha abstención do Sr. D. Luis Cendán Fernández, prestar conformidade á proposta da Alcaldía, anteriormente transcrita.





# *CONCELLO DE ARES (A CORUÑA)*

Avd. Saavedra Meneses nº 12 - D.P. 15624 - Tef. 981 468 102 - Fax 981 448 299 - RELGA MU-2000/36 CIF. P-1500400 - E

E non tendo máis asuntos para tratar e sendo as dez horas e vintedous minutos do día ó comenzo sinalado polo Sr. Alcalde-Presidente, levantase a sesión de todo o cal eu como Secretario dou fe.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,